

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade ao Decreto Nº 313/2023 de día 14.06.2023 no que se convoca a sesión Constitutiva do Concello de Ponte deume

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2023-2027

EXPEDIENTE Nº 2023/G010/000010

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 37 e 79 do RD 2568/86, do 30 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Considerando o disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime Electoral Xeral:

I. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións. (...)

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Convocar a tódolos candidatos/as electos/as á **Sesión Constitutiva da Corporación Municipal 2023-2027** que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello, o vindeiro **sábado día 17 de xuño de 2023 as 12:00 horas.**

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

PRIMEIRO.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O MANDATO 2023-2027.

SEGUNDO.- TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ELECTOS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O MANDATO 2023-2027.

TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME



CUARTO.- ELECCIÓN DO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todos/as candidatas e candidatos electas/os, coa advertencia de que aqueles candidatos/as que o día 14/06/2019 non tiveran presentado en secretaría as declaracións de bens e actividades non poderán tomar posesión do cargo; así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).